



OITO FACULTATIVOS ASISTEN A UN NOVO CURSO DE FORMACIÓN EN CIRURXÍA ESOFAGOGÁSTRICA NO ÁLVARO CUNQUEIRO

- *É o cuarto ano consecutivo que se realiza este curso no hospital vigués, avalado pola Asociación Española de Cirurxiáns*
- *Son sesións teóricas e prácticas nas que participan nesta ocasión cirurxiáns de Madrid, Logroño, Portugal e Galicia*

Vigo, 14 de marzo de 2019. Oito facultativos asisten hoxe e mañá ao curso de formación en cirurxía esofagogástrica, que se realiza no Hospital Álvaro Cunqueiro por cuarto ano consecutivo. O curso está impartido por especialistas neste tipo de intervencións do Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva do CHUVI e conta co aval da Sociedade Española de Cirurxiáns.

Do mesmo xeito que en anos anteriores, o curso consta dunha parte teórica e outra práctica. Esta última, que se desenvolve en xornada de mañá, consiste en asistir a intervencións deste tipo que se realizan nos quirófanos do hospital vigués. As sesións teóricas fanse pola tarde.

“Realizar as sesións prácticas en quirófano implica unha limitación no número de prazas do curso, que está establecido en oito”, explica a doutora Isabel Otero, cirurxiá do CHUVI e coordinadora do curso.

Os asistentes nesta edición son cirurxiáns procedentes de Madrid, Logroño, Portugal e do resto das áreas sanitarias de Galicia.

